

Informe sobre a posibilidade de implantar a instalación dun crematorio nunha parcela dotacional no Concello da Pobra do Caramiñal, en aplicación da regulación de usos do Plan básico autonómico (Concello da Pobra do Caramiñal – Expediente XCP-22/010).

ANTECEDENTES

1.- O 24.05.2022 tivo entrada no Rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (núm. 2810/RX 13758) oficio do Concello da Pobra do Caramiñal no que se formula consulta sobre a posibilidade de instalar un crematorio no entorno do cemiterio parroquial nunha parcela cualificada como sistema xeral de equipamentos, uso cemiterio, que xa alberga un tanatorio onde se pretende a construción do crematorio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo* correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes, que terán o carácter de non vinculantes, sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello da Pobra do Caramiñal conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado de forma parcial polas Ordes de 01.03.2007 e de 25.10.2007 da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes e definitivamente por Orde do 03.06.2008 da mesma consellería.

Os acordos foron publicados no *Diario Oficial de Galicia* dos días 16.03.2007; 14.11.2007 e 01.09.2008 e o seu contido normativo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 270 do 22.11.2007.

TERCEIRA.- O plano 1.1 *"Delimitación do solo urbano"* do PXOM, consigna á finca a clasificación de solo urbano e a cualificación de sistema xeral de equipamento público.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante LSG), establece o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, regulando no apartado 1, o seguinte:

"1.- O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras: [...]"


DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



a) Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo [...].

CUARTA.-O plano 1.2 de "Cualificación do solo, usos pormenorizados" do PXOM, asígnalle á finca os seguintes códigos: SG_EQ_C_Pri_*, que segundo a lenda do plano indican: sistema xeral _ equipamento _ uso cemiterio _ titularidade privada _ previsto:



QUINTA.- Á vista do disposto na normativa do PXOM, despréndese:

- Os planos de "Cualificación do solo, usos pormenorizados" do PXOM establecen a asignación de usos pormenorizados, e os mesmos veñen regulados na ordenanza correspondente, segundo o *Capítulo 4 do Título I. "DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL"* da normativa do PXOM.

- Comprobado o Capítulo 2 do Título VI que regula as ordenanzas do solo urbano, advírtese que non hai correspondencia co listado da lenda do plano 1.2 de "Cualificación do solo, usos pormenorizados", nin fai mención ao uso "C" (Cemiterio). Os usos detallados pola normativa tampouco mencionan especificamente ningún uso funerario.

- A ordenanza "Zona de equipamentos" regulada no Capítulo 9 do Título VI incorpora a regulación relativa ás condicións de edificación, se ben non ten correspondencia co listado da lenda do plano 1.2 de "Cualificación do solo, usos pormenorizados", nin fai mención ao uso "C" (Cemiterio).

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



SEXTA.- O *Plan Básico Autonómico*, que se aprobou polo *Decreto 83/2018, do 27 de agosto* (en adiante PBA), establece no seu artigo 8 que este instrumento terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista.

En virtude deste carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

O PBA establece as categorías dos usos globais e tamén dos usos detallados que se corresponden coas diferentes tipoloxías nas que poden desagregarse os usos globais, tamén indica que cando haxa usos detallados non recollidos especificamente, procederase á súa asimilación aos previamente definidos. (artigos 12 e 14.2 do PBA).

O artigo 24.2 apartado i) do PBA incorpora dentro do uso global dotacional o uso detallado "Servizos públicos, SP" que segundo o artigo 28.2.6 comprende: *"instalacións relacionadas con servizos públicos como protección civil, seguridade cidadá, cemiterios, prazas de abastos e outros análogos."*

A Categoría 1ª cemiterios se define como *"aquelas instalacións con servizo de enterramento, que tamén poden ofrecer servizos relixiosos. Permítese a presenza de elementos doutros usos relacionados como o relixioso, así como actividades complementarias da actividade funeraria, neste caso sempre que a normativa sectorial o permita, como é o caso dos crematorios. [...]."*

Logo a normativa do PBA entende implícita na categoría de cemiterios, todos os establecementos relacionados por equivalencia sempre que a normativa sectorial o permita, debendo interpretarse de maneira integrada co apartado das definicións do artigo 12 do PBA que, en concreto, contén unha dedicada ao uso permitido: entendido como aquel que se axusta ás previsións da ordenación urbanística proposta, sexa, principal, complementario cuxa implantación ven demandada polo uso principal ou compatible.

CONCLUSIÓN

En ausencia dunha definición do uso cemiterio por parte da normativa do plan xeral de ordenación municipal, procede a aplicación complementaria da regulación de usos do Plan Básico Autonómico, e en consecuencia, cabe entender implícita a implantación dun crematorio de nova construción no uso cemiterio, sempre que respecte o disposto pola normativa sectorial.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



O que se informa, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

